



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E CRUZ VERMELLA DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE FAMILIAS ACOLLEDORAS”, DIRIXIDO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA ALLEA DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento e o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, Dona María del Carmen Colmeiro Rojo, con DNI 35.882.208T, que actúa en representación da Cruz Vermella de Galicia, en virtude da súa condición de presidenta, segundo consta na súa acta de nomeamento de data 17 de abril de 2015.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- *A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que os nenos deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.*

Segundo.- *A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de*



xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Terceiro.- *Que Cruz Vermella Española en Galicia é unha organización non gobernamental cun amplo historial de actuacións no eido da intervención social e está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Política Social co número E0023.*

A Cruz Vermella Española en Galicia, como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, desenvolve unha acción preventiva dirixida á totalidade da infancia e encamiña os seus esforzos a protexer de xeito específico aos menores e familias en dificultade social, velando así polo cumprimento dos seus dereitos fundamentais e atendendo ás súas necesidades específicas.

Cuarto.- *Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e a Cruz Vermella de Galicia, comprometida institucionalmente coas persoas e colectivos vulnerables, consideran prioritario potenciar o acollemento familiar de menores e están interesados en cooperar na execución do “Programa de Familias Acolledoras”, para garantir o dereito do/da menor a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.*

Quinto.- *O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.*

Sexto.- *Que o artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.*

A este respecto, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a subvención “Convenio con Cruz Vermella. Programa de Familias Acolledoras”.

A Cruz Vermella de Galicia leva desde o ano 1995 desenvolvendo na nosa Comunidade Autónoma o Programa de Acollemento Familiar en familia allea obxecto deste convenio, contando co persoal especializado necesario nas catro provincias galegas, os recursos e estrutura necesarios, o recoñecemento, coñecemento e solidez precisas para ofrecer garantías ás posibles familias acolledoras e a experiencia e bo facer para a súa adecuada realización, polo que se entende necesario dar continuidade a un programa que tan bos resultados leva acadados ata a data.

Por outra banda, a Cruz Vermella achega o valor engadido de achegar cartos para o desenvolvemento do programa procedentes da concesión da subvención para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Esta entidade ten acreditado, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente



do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e da Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social considera idónea a Cruz Vermella Española en Galicia para a execución do “Programa de Familias Acolledoras”.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes otorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Vermella de Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do “Programa de Familias Acolledoras”, que ten como obxectivo xeral proporcionar unha atención temporal a aqueles menores en situación de risco, desamparo ou desprotección social, nun ambiente familiar normalizado, alleo á súa familia de orixe, por non existir esta ou non ser idónea para o seu coidado.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS

Os/as beneficiarios/as do programa serán aqueles menores de 0 a 17 anos en situación de risco ou desamparo para os que a medida de acollemento familiar se estime como a máis axeitada, coa expectativa da posible volta a súa familia de orixe, nos casos nos que sexa posible.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS

O obxectivo xeral do programa é a consecución do benestar dos/das menores, garantindo os seus dereitos e conseguindo a plena participación destes na vida dunha familia sen vínculos de orixe, outorgándolles polo tempo necesario a súa garda a unha persoa ou grupo familiar coa obriga de velar por eles, telos na súa compañía, alimentalos, educalos e procurarlles unha formación integral.

Como obxectivos específicos establécense:

No contexto persoal:

- *Acadar o axeitado desenvolvemento do/da menor nos ámbitos hixiénico-sanitario, educativo, persoal e social.*



- *Proporcionar ao/á menor un ambiente normalizado axeitado para a súa idade e momento evolutivo.*

No contexto familiar:

- *Promover o cambio de situación da súa familia de orixe, co obxecto de que o menor poida voltar con ela, no seu caso, o máis axiña posible.*
- *Lograr que a familia acolledora preste unha adecuada atención ao menor.*
- *Potenciar a relación da familia de orixe e a de acollida para favorecer a futura reintegración familiar do/da menor.*

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

A Consellería de Política Social, para o desenvolvemento do programa, comprométese a:

1. *Supervisar todas as actuacións de desenvolvemento do programa, en particular o periodo de duración dos acollementos e as pautas educativas, formativas, sanitarias, personais e de relación coa familia de orixe.*
2. *Facilitar aos/as menores que se incorporarán ao programa a tipoloxía de acollemento máis adecuada para cada un deles, con preferencia polos/as menores de entre 0 e 6 anos de idade.*
3. *Propoñer a incorporación a este programa dos/das menores de entre 0 e 3 anos, tutelados ou en garda, para os que non exista familia extensa idónea para un acollemento familiar.*
4. *Garantir o cumprimento das obrigas en canto á garda do/da menor.*
5. *Ofrecer soporte técnico ao equipo responsable da execución do programa tanto no desenvolvemento do programa coma nas dificultades que xurdan durante os acollementos e levar a cabo xuntanzas de traballo, cando sexan necesarias.*
6. *Supervisar e coordinar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería*

QUINTA.- COMPROMISOS DA CRUZ VERMELLA DE GALICIA

Cruz Vermella de Galicia deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ademais, no que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, comprométese a:

1. *Designar aos profesionais que levarán a cabo o programa en cada provincia, ao que poderán vincular o persoal voluntario que estimen conveniente.*



2. *Nomear a un coordinador xeral, máximo responsable do programa, que desenvolva as tarefas de coordinación interprovincial e de relacións coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.*
3. *Coordinarse coas Xefaturas Territoriais da Consellería, prestando o conveniente apoio técnico e celebrando xuntanzas de traballo cando sexan necesarias.*
4. *Captar, seleccionar, formar e prestar un asesoramento e atención continuada ás familias participantes no programa, dando traslado á respectiva Xefatura Territorial da Consellería da información sobre as seleccionadas.*
5. *Facer un seguimento periódico das familias pertencentes ao programa en espera de acoller, co obxecto de verificar a súa permanencia nel e a súa situación persoal, socioeconómica e familiar, así como as características dos menores susceptibles de ser acollidos.*
6. *Realizar un plan de acoplamento individualizado para cada menor que vaia ser acollido, un seguimento periódico ao longo do proceso de acollemento e propoñer aos Equipos Técnicos a súa finalización, nos casos que corresponda.*
7. *Enviar mensualmente información e datos estatísticos sobre acollementos ás Xefaturas Territoriais e á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.*
8. *Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.*
9. *Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, valoración global e propostas de mellora.*

SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa Cruz Vermella contará, polo menos, cun equipo en cada provincia formado por un psicólogo/a e un/ha traballador/a social, podendo ser ampliado, segundo as esixencias da carga do traballo.

Ademais, poderá colaborar persoal voluntario integrado por monitores/as ou educadores/as, profesionais técnicos (avogados/as, persoal sanitario, etc.) e persoal para tarefas complementarias (transporte e outros).

O equipo que Cruz Vermella poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser esta entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador. A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de



calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a ésta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓNES ECONÓMICAS

A cantidade que a Consellería de Política Social aboará a Cruz Vermella de Galicia para a execución deste convenio é de trescentos trinta mil euros (330.000,00 €).

Dito importe ven reflectido no Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, partida orzamentaria 12.02.312B.481.2.

Así mesmo, Cruz Vermella comprométese a achegar a cantidade de cento vinte e cinco mil setecentos cincuenta e tres euros (125.753,00 €), procedentes da concesión da subvención para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

As devanditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo deste convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada un dos participantes no convenio non varíe.

O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

- *Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 264.000 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio*

Para estes efectos, a entidade está exonerada da constitución de garantía de acordo co previsto no artigo 65.4 h) do dito decreto.

- *Os 66.000 € restantes pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.*

Para proceder ao pagamento a entidade deberá xustificar o gasto realizado, así como as achegas procedentes da concesión da subvención para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais con cargo á asignación tributaria do IRPF.

A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

- *Relación de facturas.*



- *Facturas orixinais (no caso dos gastos financiados coa achega da Xunta) ou copia das mesmas (no caso dos gastos financiados coa achega con cargo á asignación tributaria do IRPF).*
- *Xustificantes de pago dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no último mes de vixencia do convenio, cuxo pago efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Cruz Vermella; nestes casos, abondará coa presentación das facturas devengadas no periodo, conforme o indicado na aliña anterior, sen prexízo do sometemento a actuacións de comprobación e control posteriores.*
- *Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como non ter pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

O prazo máximo de xustificación é o 30 de decembro do 2017.

Cruz Vermella de Galicia no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

Cruz Vermella de Galicia someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requerirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse a través das súas Asembleas Provinciais ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



A Cruz Vermella de Galicia deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE

Ambas as dúas partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable dos ficheiros “Xestión de servizos Sociais” e “Relacións administrativas coa cidadanía e entidades”, regulados ambos pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza a Cruz Vermella de Galicia como encargada do tratamento, para que acceda aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Os encargados do tratamento tratarán os datos de conformidade coas instrucións do/da responsable do ficheiro e só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso as encargadas do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

O/A responsable do ficheiro, e, de ser o caso, as persoas encargadas do tratamento deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. A Orde do 15 de decembro de 2011 pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería dispón que o ficheiro ten un nivel de seguridade alto, polo tanto será precisa a aplicación das medidas de seguridade previstas no Título VIII do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao/á responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento



en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo o/a responsable do ficheiro a dita conservación.

Os/as encargados/as do tratamento conservarán os datos, debidamente bloqueados, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación co/coa responsable do ficheiro.

Os/as encargados/as do tratamento responderán directamente ante a Axencia Española de Protección de Datos dos incumprimentos que se puideran derivar das condicións anteriores.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto de especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

DÉCIMA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito ao Conselleiro de Política Social.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- *Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados polo conselleiro.*
- *Dous representantes da Cruz Vermella de Galicia e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidenta.*

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A comisión reunirse con carácter ordinario unha vez por semestre e con carácter extraordinario cando sexa necesario, a petición de calquera das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2017.

Tódolos actos de trámite iniciados para o desenvolvemento do presente convenio de colaboración, entenderanse condicionados a que, unha vez aprobados os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no intre en que se produciron aqueles.



DÉCIMO SEGUNDA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

Este convenio ten carácter administrativo, e os sus efectos se rexen polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido a o disposto no artigo 11, sobre deberes dos beneficiarios, no artigo 17.3. sobre financiación das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables os principios do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que podan presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.*
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- Por el transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.*
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de*



mora devengados dende o momento do su pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, aislada ou en concurrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Se cando concurra calquera das causas de resolución indicadas, existiran actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo máximo improrrogable de 3 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do devandito artigo 52.

DÉCIMO QUINTA.- COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

Cruz Vermella de Galicia deberá desenvolver as actuacións de comunicación e divulgación precisas co obxecto de atopar familias acolledoras que permitan o desenvolvemento do programa, dirixidas tanto a profesionais como á poboación en xeral, obrigándose a facer constar en todo tipo de comunicación que realice sobre o programa obxecto deste convenio o financiamento da Consellería de Política Social.

Sen prexuízo destas actuacións, a Consellería de Política Social e a Cruz Vermella de Galicia poderán promover e desenvolver conxuntamente campañas de sensibilización, información e captación de familias acolledoras, así como calquera outra actividade de difusión do programa que estimen conveniente.

Cruz Vermella de Galicia comprométese a subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicadas à Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

Así mesmo, a entidade asinante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos aos convenios asinados no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a consellería competente en materia de avaliación e reforma, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**O CONSELLEIRO DE
POLÍTICA SOCIAL**
José Manuel Rey Varela

**A PRESIDENTA
DA CRUZ VERMELLA DE GALICIA**
María del Carmen Colmeiro Rojo



ANEXO

2017	XUNTA DE GALICIA	CRUZ VERMELLA IRPF	TOTAL
1. PERSOAL	270.000,00 €	125.093,00 €	395.093,00 €
2. TELÉFONO	1.000,00 €	0,00 €	1.000,00 €
3. MATERIAIS	2.000,00 €	0,00 €	2.000,00 €
4. DIETAS	10.000,00 €	660,00 €	10.660,00 €
5. MANTEMENTO	3.000,00 €	0,00 €	3.000,00 €
6. DIFUSIÓN/FORMACIÓN Y MEJORA CONTINUA	44.000,00 €	0,00 €	44.000,00 €
TOTAL PROGRAMA	330.000,00 €	125.753,00€	455.753,00 €